

## **Programación de módulo Formación e Orientación Laboral**

**Ciclo: Coidados Auxiliares de Enfermería.**

**Probas libres**

**DEPARTAMENTO DE FOL**

**Curso: : 2023/2024**

1.	Identificación da programación .....	3
1.1	Centro educativo.....	3
1.2	Ciclo formativo .....	3
1.3	Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*) .....	3
1.4	Profesorado responsable .....	3
2.	Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	4
2.1.	Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	5
3.	Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación .....	6
4.	Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento .....	7

## 1. Identificación da programación

### 1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
	IES MONTE CASTELO	BURELA	2023-2024

### 1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
19SAN	SANITARIA	CM19001	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERIA	MEDIO	PROBA LIBRE

### 1.3 Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións Anuais
	FORMACIÓN LABORAL E ORIENTACIÓN	1º	0	55	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración.

### 1.4 Profesorado responsable

<b>Elaboración</b>	MARÍA DEL CARMEN NAVEIRA GRELA, FRANCISCO JAVIER GÓNZALEZ NÉCEGA.
--------------------	---

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

---

Este módulo contribuirá a acadar as seguintes Capacidades terminais elementais:

- Analizar as situacións de risco máis habituais no ámbito laboral que poidan afecta-la saúde.
- Aplicar, no ámbito laboral, as medidas de protección e prevención que correspondan ás situacións de riscos existentes.
- Analizar as actuacións a seguir no caso de accidentes de traballo.
- Aplicar as medidas sanitarias básicas inmediatas no lugar do accidente en situacións simuladas
- Analizar as formas e procedementos de inserción na realidade laboral como traballador por conta propia ou por conta allea.
- Analiza-las propias capacidades e intereses así como os itinerarios profesionais máis idóneos.
- Identificar o proceso para unha boa orientación e integración do traballador na empresa.
- Identificar as ofertas de traballo no sector produtivo referido ós seus intereses.
- Analizar os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais.
- Describir o sistema de protección social.
- Analizar a evolución socio-económica do sector produtivo na Comunidade Autónoma de Galicia

---

(\*) Só no caso de módulos profesionais ao abeiro da LOE

## 2.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo (*)</b>
Analizáronse as situacións de risco máis habituais no ámbito laboral que poidan afectar a saúde.
Aplicáronse, no ámbito laboral, as medidas de protección e prevención que correspondan ás situacións de riscos existentes
Analizáronse as actuacións a seguir no caso de accidentes de traballo.
Aplicáronse as medidas sanitarias básicas inmediatas no lugar do accidente en situacións simuladas
Analizáronse os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais
Identificáronse as distintas modalidades de contratación
Interpretouse o convenio colectivo do sector, relacionándoo coas normas do Estatuto dos Traballadores.
Elaborouse unha folla de salarios.
Distinguíronse as distintas vicisitudes que poden afectar ao contrato de traballo
Elaborouse unha liquidación.
Coñeceuse o sistema da Seguridade Social
Distinguíronse os rexímenes da Seguridade Social
Calculáronse as prestacións da Seguridade Social.

Analizáronse as formas e procedementos de inserción na realidade laboral como traballador por conta propia ou por conta allea.

Analizáronse as propias capacidades e intereses, así coma os itinerarios profesionais máis idóneos.

Identificáronse os procesos para unha boa orientación e integración do traballador na empresa.

Identificáronse as ofertas de traballo no sector produtivo referido aos seus intereses.

Analizouse a evolución socio-económica do sector produtivo na Comunidade Autónoma de Galicia

(\*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementa

### 3. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

Os elementos a considerar para a avaliación positiva dos aspirantes a superar o módulo son os seguintes:

**PROBA TEÓRICA** tipo test sobre os contidos do módulo Formación e Orientación Laboral. A proba teórica farase sobre un total de 40 cuestións. Para superar esta proba o aspirante obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos, tendo en conta que por cada dúas respostas erróneas anularase unha correcta. Puntuarase sobre 10 puntos. O aspirante deberá superar esta proba para poder realizar a proba práctica.

**PROBA PRÁCTICA** que poderá consistir en elaboración de nóminas, cálculo de liquidacións e casos prácticos de cálculo de prestacións de seguridade social e de prestacións por desemprego e elaboración de currículo.

A **NOTA FINAL** obterase facendo unha media entre a proba teórica e a proba práctica. Soamente se fará esta media no caso de que o aspirante supere cada unha das probas.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento.

Primeira parte da proba:

Exame teórico tipo test sobre os contidos do módulo de FOL. Constará dun total de 40 cuestións que deberá responder o aspirante. O aspirante disporá de 50 minutos para a realización da proba.

Segunda parte da proba:

Poderá consistir na realización de exercicios sobre nóminas, liquidacións e cálculo de prestacións da seguridade social e desemprego e elaboración de currículo. O tempo de que disporá o aspirante será de 50 minutos: Poderá utilizar calculadora.